

Opini3n Hoxe

O RODICIO DO TEMPO

Os xogos tradicionais



CLODIO
GONZÁLEZ
PÉREZ

A *Revista Galega de Educación*, que edita Nova Escola Galega, dedica boa parte do número 37 ao noso patrimonio lúdico tradicional. Dende hai algúns anos bótanse cada vez máis en falta nos patios das escolas e colexios aqueles xogos da nosa nenez, nos que adoitabamos participar a maioría dos alumnos (por unha banda) e das alumnas (pola outra), pois se algo estaba ben claro era que había uns exclusivamente para os homes (poñamos por caso o peón) e outros para mulleres (a mariola). E, aí de quen se atrevese a transgredir a norma!, podía quedar marcado para sempre. Non foi na escola onde primeiro desapareceron os xogos tradicionais, senón na casa e na rúa, dende o intre en que o televisor se converte no pasamento que dá todo feito con tal de sentar diante del. Tamén influíu a mellora económica das últimas décadas, sendo cada ano máis grandes as alforxas dos camelos dos Reis Magos, de xeito que os enredos que levaba máis tempo facer, precisándose ata da axuda dos maiores, empezaron a esquecerse ou a ficar arrombando nos faiados das casas así como chegaban os primeiros cochifios de folla de lata e as bonecas de cartón.

No ano 1958, Xaquín Lorenzo Fernández deu ao prelo o amplo artigo *Enredos* nunha revista madrileña, do que dende entón se fixeron varias edicións en galego. O mestre Xocas, que pasara a nenez entre Ourense e a al-

Número 37 - 2007 - 7 euros

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

reportaxe
novas tecnoloxías
experiencias
educación social
panoraula

Os Xogos Tradicionais

dea de Facós nas terras de Lobeira, lindadeiras con Portugal, decatouse da necesidade de contar cun traballo de investigación no que ademais da descriución tamén estivese o deseño de cada enredo, e el era a persoa indicada, como bo etnógrafo e excelente debuxante. A devandita publicación sinala o comezo da recuperación dos enredos po-

pulares, contándose en adiante cunha relación dos máis coñecidos, malia que non fose exhaustiva.

Co paso dos anos a escola converteuse no principal axente de divulgación e recuperación dos xogos tradicionais, sobresaíndo tamén o labor de varias asociacións, concellos..., ata que xorde en 2005 a primeira de ám-

bito galego, Brinquedia. Rede Galega do Xogo Tradicional, que se encarga de artellar o monográfico dedicado ao noso patrimonio lúdico inserido na *Revista Galega de Educación*: reflexión teórica verbo do xogo tradicional, proxectos de recuperación, etc. É de subliñar a importancia de achegas non galegas, sempre de interese para saber que moitas das nosas preocupacións e devezos cadran cos doutros que viven ben lonxe.

Entre os colaboradores de fóra cóntase Guy Jaouen (presidente da Asociación Europea de Xogos e Deportes tradicionais, *Un necesario recoñecemento para os xogos tradicionais*), Erik De Vroede (Centrum voor Sportcultuur, de Flandres, *Os xogos tradicionais en Europa en plena evolución*), Fernando de la Torre Renedo (Federación Cántabra de bolos, *Proxecto educativo Madera de ser*), João Amado (universidade de Lisboa, *O patrimonio lúdico tradicional em Portugal. Estado da cuestión*)... E pola nosa banda: Paco Veiga, Antón Cortizas, Anxo L. Eiriz, Lois Pardo, Daniel Pino, Secundino García, Xabier L. García, Lois Pardo (presidente de Brinquedia), Xosé M. Malheiro, Manuel Díaz, Hugo Lage, Brais Fernández, Manuel Rodríguez...

Os de Brinquedia son optimistas: "Felizmente, Galiza camiña tamén con paso, talvez curto pero firme, nese proceso de recuperación, análise, posta en valor e divulgación do patrimonio lúdico que fomos quen de crear como pobo ao longo dos séculos". E que ningún pense que a recuperación é cousa de nostálgicos, pois dáse o caso de que son as sociedades avanzadas as que máis interese veñen amosando dende xa hai décadas na recuperación do seu patrimonio lúdico tradicional. ●